



## PRESIDENCIA DA XUNTA

### SECCIÓN 04



## I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

### I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O Decreto 82/2009, do 21 de abril, establece os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta Galicia.

No seu artigo único dispónse que dependerán funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza os seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral da Presidencia, da que dependerá a Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia
2. Asesoría Xurídica Xeral, con nivel orgánico de dirección xeral
3. Secretaría Xeral de Medios, da que dependerá a Dirección Xeral de Comunicación e á que estará adscrito o ente público Compañía de Radio Televisión de Galicia
4. Secretaría Xeral da Igualdade
5. Secretaría Xeral de Emigración
6. Secretaría Xeral para o Deporte
7. Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica

### I.2. COMPETENCIAS

#### I.2.1. DA CONSELLERÍA

Segundo o establecido no Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, estes teñen atribuídas as funcións que se indican a seguir:

#### SECRETARÍA XERAL DE PRESIDENCIA

Correspóndelle o apoio e asesoramento técnico á Presidencia da Xunta de Galicia, para o que, nos asuntos xerais, actuará como órgano de comunicación coas consellerías, entidades e organismos que teñan relación coa Presidencia.

Asume, igualmente, funcións de coordinación dos órganos adscritos á Secretaría Xeral da Presidencia, sinalados no Decreto 82/2009, do 21 de abril, das actividades do Departamento de Protocolo e Relacións Públicas da Presidencia da Xunta e da Casa de Galicia en Madrid, dos asuntos administrativos xerais da Presidencia da Xunta e da elaboración dos orzamentos da Presidencia da Xunta.

A esta secretaría xeral está adscrita a Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia, que exercerá funcións de asesoramento, asistencia e apoio directo á persoa titular da Presidencia, tanto de índole política, destacando a preparación das súas intervencións no Parlamento de Ga-

licia, como de índole técnica, para o que poderá solicitar e sistematizar información acerca das iniciativas, programas, plans e actividades das consellerías para facilitar a coordinación da acción do goberno.

#### ASESORÍA XURÍDICA XERAL

Co rango de dirección xeral, asume a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da Administración da Comunidade Autónoma e da súa administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 7/1984, do Parlamento de Galicia, e do artigo 551.3 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

#### SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS

É o órgano superior encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual. No marco desa competencia xeral exercerá as funcións de divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia; a coordinación da política de imaxe e publicidade institucional da Xunta de Galicia; a dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación e a implantación de redes propias de telecomunicacións para a prestación de servizos que sexan competencia da comunidade autónoma e o desenvolvemento da normativa referente á comunicación social e á publicidade.

A esta secretaría xeral está adscrita á Dirección Xeral de Comunicación, á que lle corresponde a relación cos medios informativos en todas as materias de comunicación que afecten á Presidencia da Xunta de Galicia así como a coordinación da comunicación interdepartamental da Xunta de Galicia.

#### SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

Como órgano superior da administración autonómica en materia de igualdade correspóndelle a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e accións no eido da eliminación de violencia de xénero; a planificación e coordinación das políticas da Xunta de Galicia en materia de xénero, erradicación da discriminación por razón de sexo, igualdade entre mulleres e homes, erradicación da violencia de xénero e promoción da corresponsabilidade entre mulleres e homes; a proposta de medidas para a promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres e o establecemento de canles de participación con asociacións, fundacións e outros entes e organismos que teñan entre os seus fins a consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

#### SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN

Correspóndenlle as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude; relacións coas comunidades galegas no exterior e políticas migratorias e de retorno en Galicia e a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas políticas migratorias.

Igualmente, asume as competencias que atribúe ás comunidades autónomas a Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da Cidadanía española no exterior.

Tamén lle corresponde a coordinación e execución, se é o caso, das competencias atribuídas ás comunidades autónomas na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa normativa de desenvolvemento e complementaria.

#### SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Correspóndelle a elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes. En particular, ten atribuída a execución da política deportiva de Galicia; a promoción e difusión da cultura física e do deporte; o apoio e promoción das asociacións deportivas; a elaboración e execución dos plans de construción de instalacións deportivas propias e o fomento da presenza do deporte galego ao máis alto nivel nacional e internacional.

#### SECRETARÍA XERAL DE MODERNIZACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Configúrase como o órgano superior da administración autonómica, con ámbito de actuación sobre todas as consellerías, organismos delas dependentes, entes e empresas públicas da administración da comunidade autónoma, ao que lle corresponde o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

En concreto, asume a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións; a elaboración e execución da estratexia tecnolóxica global da Xunta; a dirección e xestión das infraestruturas de telecomunicacións; a coordinación coas consellerías en materia de sociedade da información; a planificación e ordenación do mapa de infraestruturas de telecomunicacións de Galicia e o fomento da innovación no ámbito das tecnoloxías da información.

### *1.2.2. DAS SOCIEDADES PÚBLICAS*

#### *DAS SOCIEDADES MERCANTÍIS*

Sociedade Anónima Redes de Telecomunicacións Galegas, RETEGAL SA.

Segundo os seus estatutos ten por obxecto, con carácter xeral, a realización por si ou a través de terceiros da xestión das infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións en Galicia, o seu mantemento e a elaboración de propostas, análise e estudos relacionados coas telecomunicacións que corresponden á Xunta de Galicia.

En especial, e con carácter non excluínte, asume as funcións de elaboración de propostas de planificación, xestión e mantemento de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións; o mantemento e xestión das infraestruturas e equipamentos da rede de transporte e difusión

utilizadas pola Radio e a Televisión de Galicia; a análise de viabilidade de proxectos que teñan relación coas telecomunicacións e o asesoramento técnico na toma de decisións pola administración galega en materia de telecomunicacións e a xestión das redes de telecomunicacións.

### *I.2.3. DAS FUNDACIÓNS*

#### FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

Pretende o impulso e fomento do deporte e a práctica deportiva e a súa difusión entre os cidadáns, para o que leva a cabo, xa sexa de forma independente ou en colaboración con outras entidades, actividades de sustento e promoción do deporte e dos deportistas da comunidade autónoma; a xestión de instalacións deportivas de titularidade autonómica e o fomento do emprego entre os profesionais do deporte.

### *I.2.4. DOS CONSORCIOS*

#### CONSORCIO AUDIOVISUAL DE GALICIA

A lei 6/1999, do 1 de setembro, do Audiovisual de Galicia prevé, no seu artigo 9, que para a potenciación institucional das accións tendentes ao desenvolvemento do sector audiovisual de Galicia, as administracións e entidades interesadas convirán a constitución do Consorcio Audiovisual de Galicia.

Con base nesa previsión aprobouse o Decreto 294/2002, do 17 de outubro de 2002, polo que se constitúe e regula a composición e funcións do Consorcio Audiovisual de Galicia.

Son finalidades específicas deste consorcio o desenvolvemento e fomento da produción e da industria cinematográfica e audiovisual galega; a promoción e potenciación da actividade profesional e a creación de emprego no sector audiovisual; o impulso da produción propia e a coprodución; a promoción da investigación, formación e desenvolvemento tecnolóxico no sector audiovisual; a promoción da utilización do idioma galego mediante o seu uso nos medios audiovisuais e a divulgación das obras audiovisuais galegas.

## II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

### II.1. DA CONSELLERÍA

As principais liñas de acción dos centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia son as que se indican a seguir:

#### 1.- Secretaría Xeral da Presidencia

Como órgano que, con carácter xeral, asume a coordinación co resto dos centros directivos da Xunta de Galicia dos asuntos relacionados coa Presidencia da Xunta de Galicia, impulsará o seguimento das actuacións dos distintos departamentos da administración autonómica para reforzar a acción coordinada do goberno galego.

#### 2.- Asesoría Xurídica Xeral

Tendo en conta os obxectivos e liñas de acción deste centro directivo, definidas no seu regulamento orgánico aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo, no ano 2011 profundizarase na defensa máis efectiva ante os órganos xurisdiccionais así como na emisión de todo tipo de informes en dereito e o estudo e informe dos distintos proxectos normativos. Ademais, prestarase especial atención ao asesoramento en asuntos de orde xurisdiccional constitucional e ao seguimento de normativa comunitaria e á prestación de asesoramento xurídico en materia de dereito comunitario europeo.

#### 3.- Secretaría Xeral de Medios

No ano 2011, a Secretaría Xeral de Medios centrará a súa actividade no fomento e apoio aos medios de comunicación en Galicia; na ampliación da rede de infraestruturas de comunicación; na promoción dos valores e a imaxe de Galicia e o uso da lingua galega nos medios de comunicación; na divulgación da acción institucional da Xunta e a facilitar o acceso á información ao conxunto dos cidadáns.

#### 4.- Secretaría Xeral da Igualdade

O ámbito competencial deste centro directivo abarca dúas vertentes: a da promoción da igualdade e a do tratamento da violencia de xénero, polo que, para cada unha delas, se establecen as liñas básicas de acción.

Así, no ámbito da promoción da igualdade, durante o ano 2011 incidirase na promoción de programas de formación e educación destinados a concienciar da necesidade de establecer políticas de igualdade, tanto nas administracións públicas como nas empresas; na formación das mulleres en habilidades directivas e na promoción da súa presenza en actividades de alta demanda e nos ámbitos da ciencia e da tecnoloxía; no apoio ao movemento asociativo das mulleres e no impulso de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e da corresponsabilidade entre mulleres e homes.

No ámbito do tratamento da violencia de xénero, centrarase a actuación nos programas de formación, información, prevención e sensibilización sobre a violencia de xénero; na coordinación e incremento dos recursos existentes na eliminación da violencia de xénero; no desenvolvemento das medidas articuladas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, e na lei orgánica 1/2004 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero; en medidas dirixidas a contribuír á independencia da muller respecto do seu maltratador e medidas específicas para as fillas e fillos das mulleres vítimas de violencia de xénero e no impulso á creación dunha rede de apoio a mulleres que exercen a prostitución e de medidas dirixidas a facilitar a inserción laboral daquelas que a abandonen.

#### 5.- Secretaría Xeral de Emigración

A actuación da Secretaría Xeral da Emigración abarca tres eidos distintos: a emigración, a inmigración e o retorno.

No primeiro deles, a emigración, incidirase na asistencia sociosanitaria aos galegos e galegas residentes no exterior que se atopan en situación de precariedade ou dependencia; no impulso dos programas relacionados cos centros galegos fomentando a súa modernización e o acceso ás novas tecnoloxías e nos programas dirixidos á xuventude galega e ao colectivo feminino do exterior para a súa participación activa nos proxectos do tecido asociativo da Galicia exterior.

No ámbito da inmigración, as accións estrutúranse no desenvolvemento dunha acollida de carácter integral, e en especial para situacións de vulnerabilidade; no fomento da integración sociolaboral; na promoción da saúde, prevención e educación; en actuacións dirixidas á atención integral das mulleres inmigrantes e en accións de sensibilización e fomento da convivencia intercultural.

En canto ao ámbito do retorno, reforzarase o apoio socioeconómico aos retornados a través da mellora da súa rede de información, da colaboración no ámbito da educación e formación e da súa inserción laboral.

#### 6.- Secretaría Xeral para o Deporte

Durante o ano 2011, a Secretaría Xeral para o Deporte terá como unha das súas principais liñas de actuación o desenvolvemento do Plan Galego de Fomento da Actividade Física, "Galicia Saudable", cuxo obxectivo é inverter a actual tendencia de inactividade física e fomentar a súa práctica e a do deporte.

No marco deste plan, entre outras accións, levarase a cabo a constitución das unidades de promoción do exercicio físico, do Consello Consultivo de Expertos, do Observatorio da práctica de actividade física. Igualmente, convocaranse distintas liñas de axudas como as destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a promoción do deporte en determinados colectivos, aos concellos para instalacións e espazos deportivos saudables ou para a posta en marcha das escolas saudables.



No ámbito do apoio ao tecido asociativo deportivo galego, que constitúe outra das liñas básicas para o ano 2011, debe sinalarse o plan de axudas ás federacións mediante a suscripción de convenios; o plan de axudas aos clubs e outras entidades deportivas; o desenvolvemento do deporte de alto nivel e a campaña de promoción deportiva na idade escolar, mediante o establecemento e consolidación dun novo programa e da Olimpiada Escolar.

Outra das súas actuacións será a mellora do mapa de infraestruturas de Galicia, tanto propias como de terceiros, mediante a súa optimización e a mellora das instalacións das entidades deportivas.

#### 7.- Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica

O goberno galego aprobou, en xuño de 2010, a nova estratexia galega para o desenvolvemento da Sociedade da Información, a Axenda Dixital de Galicia 2014.gal, co obxectivo de maximizar o potencial social e económico das tecnoloxías da información e a comunicación como peza clave que axude a converter a economía actual nunha economía intelixente, sustentable e integradora, cun alto nivel de emprego, cohesión social e territorial no horizonte de 2014.

Para o ano 2011 a actuación desta secretaría xeral centrarase en desenvolver as liñas de traballo recollidas na Axenda Dixital de Galicia 2014.gal.

Basicamente esas actuacións irán dirixidas á execución e desenvolvemento de distintos plans como son: o Plan de Modernización da Administración Pública; o Plan Director de Seguridade da Información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Plan Director de Telecomunicacións para o despregue da banda larga e o Plan de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Administración de Xustiza en Galicia.

Así mesmo, tamén cabe destacar o impulso ao desenvolvemento do sector empresarial da sociedade da información e do fomento da aplicación das TIC polo tecido empresarial galego.

## II.2. DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

### II.2.1. DAS SOCIEDADES MERCANTÍLS

Sociedade Anónima Redes de Telecomunicación Galegas, RETEGAL SA

Con carácter xeral, os obxectivos de Retegal no ano 2011 tenderán a ampliar e consolidar a súa posición no mercado nacional e autonómico como operadora de servizos de radiodifusión das televisións e radios de ámbito nacional, autonómico e local con tecnoloxías dixitais e a ampliar, renovar e mellorar as infraestruturas existentes para facilitar o acceso á sociedade da información de todos os habitantes de Galicia.

Con carácter máis específico, Retegal realizará os traballos de despregue de novos múltiples e reasignación de canles de emisión nos Centros dos Múltiples Autonómicos e Centros de Ho-

---

moxeneización dos Múltiples Estatais e Centros de Extensión, conforme co establecido no Real decreto 365/2010, do 26 de marzo, polo que se regula a asignación dos múltiples da televisión dixital terrestre tralo cese das emisións de televisión terrestre con tecnoloxía analóxica.

Continuará, igualmente, coas actuacións tanto en infraestruturas civís como en elementos de transporte iniciadas no ano 2010 no marco do Plan de Banda Larga.

Tamén colaborará no estudo e avaliación das distintas solucións técnicas para a implantación no ámbito da comunidade autónoma dunha rede de comunicación de emerxencias con tecnoloxía Tetra.

### II.3. DAS FUNDACIÓNS

#### Fundación Deporte Galego

Para o ano 2011 as súas liñas estratéxicas de actuación irán encamiñadas ao fomento e incremento da práctica deportiva en Galicia; ao apoio ao tecido deportivo galego; á promoción do deporte, con especial incidencia no deporte de alto nivel e ao fomento do emprego entre os profesionais do deporte.

### II.4. DOS CONSORCIOS

#### Consortio Audiovisual de Galicia

No ano 2011 o Consortio Audiovisual de Galicia organizará a súa actividade en torno a catro eixos: a internacionalización, a través da presenza e apoio institucional nos principais mercados e festivais internacionais; os fondos de coprodución, a través de acordos de coprodución internacional con territorios de declarado interese estratéxico como poden ser Arxentina e Brasil; a formación dos profesionais do sector audiovisual e da promoción do emprego no dito sector; e un plan de axudas destinadas ao sector.

### **III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA**

#### **III.1. PROGRAMAS DE GASTO**

##### **III.1.1. PROGRAMA 111A - PRESIDENCIA DA XUNTA :**

###### **1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA**

Este programa ten como función e subfunción a “alta dirección da comunidade autónoma”, sendo as atribucións do Presidente, na execución do programa, a dirección e coordinación das actividades da Xunta de Galicia.

Precísase dispor dos recursos necesarios para que a actividade singular da Presidencia da Xunta de Galicia se preste en condicións eficientes e garantindo a execución dos compromisos cos distintos axentes cos que se establecen relacións de interacción.

###### **2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Secretaría Xeral da Presidencia

##### **III.1.2. PROGRAMA 121B - ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA:**

###### **1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA**

Á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, con rango de dirección xeral, correspóndelle a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da administración da comunidade autónoma.

Este centro directivo ten atribuída en exclusiva unha dobre función, a de asesoramento xurídico da administración e a de defensa en xuízo da mesma, coa finalidade de asegurar o sometemento da actuación administrativa á legalidade e á defensa dos intereses da propia comunidade autónoma, o que redunda, en último termo, a favor do cidadán.

###### **2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Asesoría Xurídica Xeral

##### **III.1.3. PROGRAMA 432C - FOMENTO DO AUDIOVISUAL:**

###### **1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA**

Este programa, dada a relevante notoriedade e influencia que o sector da imaxe ten sobre a sociedade actual, financia actuacións dirixidas a fomentar a promoción e difusión da multimedia

e do patrimonio audiovisual galego e das artes da imaxe.

## **2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Secretaría Xeral de Medios

Consortio Audiovisual de Galicia

### **III.1.4. PROGRAMA 461A - COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL:**

#### **1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA**

Este programa financia actuacións destinadas a prestar apoio aos medios de comunicación e a potenciar as tecnoloxías da información e as telecomunicacións. Preténdese avanzar na posta en marcha de proxectos que estimulen o uso da lingua galega nos medios, a promoción dos valores e a imaxe de Galicia e a divulgación da acción institucional da Xunta.

Tamén se busca o apoio á comunicación a través da promoción das novas tecnoloxías, acadando maiores niveis de coñecementos multimedia e audiovisual entre a poboación galega que melloren as súas competencias profesionais e faciliten o seu acceso ao mundo laboral.

## **2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Secretaría Xeral de Medios

### **III.1.5. PROGRAMA 461B - RADIODIFUSIÓN E TVG:**

#### **1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA**

Unha vez rematada a transición da tecnoloxía analóxica á dixital, faise necesario seguir ampliando as infraestruturas e redes de difusión de radio e televisión, co despregue de novos múltiples e o cambio de frecuencias, segundo o establecido no Real 365/2010, do 26 de marzo. Coa publicación deste real decreto, as comunidades autónomas están obrigadas a realizar modificacións nos centros de radiodifusión que dependen delas, o que supón un investimento en equipamento de transmisores para os novos múltiples e novos investimentos no reaxuste e acondicionamento dos equipos aos novos canais radioeléctricos debido ao cambio de frecuencias.

Así mesmo, na procura de que a capacidade de resposta dos distintos organismos institucionais e de emerxencia sexa a axeitada é necesario realizar o despregue da nova rede oficial de comunicacións da Xunta de Galicia.

Tamén a través deste programa se dota de medios económicos complementarios á CRTVG e as súas empresas, co fin de dar viabilidade ao funcionamento das actividades que lles son propias, así como facilitarlle os medios materiais e técnicos suficientes para manter operativas as redes de televisión e radio institucionais e lograr unha cobertura de recepción que chegue a todo o territorio de Galicia.

## **2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Secretaría Xeral da Presidencia

Retegal

### **III.1.6. PROGRAMA 312G --APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL:**

#### **1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA**

Este programa inclúe as dotacións orzamentarias destinadas a favorecer a conciliación entre a vida familiar, laboral e persoal, facilitando o acceso aos servizos de coidado e atención de menores e persoas dependentes, contribuíndo tamén así a facilitar a incorporación das mulleres ao mercado laboral.

Ten a súa orixe na opinión xeralizada da cidadanía respecto da dificultade da compatibilización da vida persoal, familiar e laboral e da inexistencia dunha cultura de corresponsabilidade empresarial, o que fai preciso o desenvolvemento de políticas que incidan sobre os factores que impiden a dita conciliación.

## **2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Secretaría Xeral da Igualdade

### **III.1.7. PROGRAMA 313B - ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER:**

#### **1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA**

Á vista das desigualdades diferenciais que seguen existindo entre homes e mulleres, contribuír a mellorar a posición das mulleres, non só no ámbito laboral, fai necesaria a adopción de medidas que permitan favorecer a súa presenza no mercado de traballo, a posta en valor do seu traballo e a visibilización nas súas traxectorias profesionais sobre todo nos sectores da ciencia e da tecnoloxía.

Por esta razón, as dotacións orzamentarias deste programa están dirixidas á incorporación

da perspectiva de xénero nas actuacións da administración autonómica, á promoción da igualdade en todos os ámbitos e ás medidas que axuden a combater a discriminación por razón de xénero.

## *2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN*

Secretaría Xeral da Igualdade

### *III.1.8. PROGRAMA 313D -- PROTECCIÓN E APOIO DAS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO:*

#### *1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA*

O apoio e protección ás mulleres que sofren violencia de xénero precisa dun tratamento integral cunha liña de actuación común a través dos instrumentos axeitados.

Este programa inclúe as dotacións orzamentarias destinadas as actuacións dirixidas á prevención e tratamento da violencia de xénero, en todas as súas manifestacións, e á atención integral das vítimas.

## *2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN*

Secretaría Xeral da Igualdade

### *III.1.9. PROGRAMA 312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS:*

#### *1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA*

Este programa inclúe o desenvolvemento de actividades de apoio aos galegos e galegas e ás comunidades galegas asentadas fóra da nosa comunidade autónoma, para que estes participen da vida social e cultural de Galicia, e contribuír á mellora do seu benestar e calidade de vida. Así mesmo, tamén se desenvolven accións encamiñadas á procura da integración social e a inserción laboral do colectivo de inmigrantes e retornados na nosa sociedade.

Preténdese dar unha atención específica de carácter sanitario, farmacéutico e de asistencia social ás persoas de orixe galega residentes no exterior que se atopan en situacións carenciais.

En canto ás entidades galegas no exterior búscase a súa incorporación ás novas tecnoloxías para facilitar a súa xestión administrativa e favorecer o seu papel como elemento dinamizador da colectividade galega.

Polo que respecta ao ámbito do retorno, nos últimos dez anos Galicia é unha das principais comunidades receptoras de retornados, polo que esta realidade esixe que se preste unha espe-

cial atención e apoio a este colectivo.

## *2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN*

Secretaría Xeral de Emigración

### *III.1.10. PROGRAMA 441A- PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA:*

#### *1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA*

Este programa ten como fío condutor o fomento da práctica do deporte e da actividade física en Galicia, entendido este como elemento imprescindible para a calidade de vida dos galegos, así como o crecemento do deporte en Galicia e o desenvolvemento do seu tecido deportivo, a través da coordinación institucional e cuns claros obxectivos en materia de saúde, benestar e actividade física, infraestrutura deportiva e apoio ao tecido deportivo.

Búscase a xeralización e accesibilidade da práctica do deporte e da actividade física mediante a súa incorporación á vida cotiá dos cidadáns, a mellora e dotación de novas instalacións, o apoio aos axentes deportivos na promoción e crecemento do deporte ou o perfeccionamento nas áreas de docencia, formación e tecnificación do deporte.

## *2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN*

Secretaría Xeral para o Deporte

Fundación Deporte Galego

### *III.1.11. PROGRAMA 571A- FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO:*

#### *1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA*

En Galicia atopámonos inmersos nun proceso gradual de transición cara á sociedade da información e do coñecemento que trae consigo unha transformación radical a nivel tecnolóxico, económico, social e político e que está cambiando a forma de pensar, de traballar, de actuar e de vivir de todos os galegos.

A pesar da progresiva incorporación da nosa comunidade autónoma á sociedade do coñecemento, aínda estamos lonxe da consecución dunha sociedade galega capaz de empregar as novas tecnoloxías co obxectivo de incrementar significativamente os niveis de calidade de vida e benestar social da cidadanía e a eficiencia e competitividade das empresas.

Neste contexto, e dentro da estratexia do goberno galego en materia de sociedade da

información, xorde 2014.gal Axenda Dixital de Galicia co obxectivo de maximizar o potencial social e económico das tecnoloxías da información, pasando dunha sociedade que utiliza as TIC a unha sociedade galega que se serve das novas tecnoloxías para xerar crecemento.

Neste programa recóllense as dotacións orzamentarias precisas para poñer en marcha actuacións efectivas que permitan acadar definitivamente a inclusión da sociedade galega no novo contexto dixital ademais de levar a cabo un proxecto tecnolóxico global na Xunta de Galicia que impulse a modernización da administración pública.

## ***2. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN***

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica



## IV. CADRO DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

### OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Progr.	Obxectivos Extratécnicos	Indicador	Unid. Med.	Valor Final
	Obxectivos Operativos			
<b>111A PRESIDENCIA DA XUNTA</b>				
<b>Coordinación e seguimento de actuacións da Presidencia</b>				
	Coordinación de actividade	Accións desenvolvidas	Nº	22,00
<b>Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia</b>				
	Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	Sen indicador		
<b>121B ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA</b>				
<b>Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia</b>				
		Sen indicador		
<b>122A AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA</b>				
<b>Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación</b>				
	Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	Sen indicador		
<b>311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL</b>				
<b>Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais</b>				
	Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	Sen indicador		
<b>312C SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS</b>				
<b>Integración e incremento de servizos e prestacións á emigración galega, os seus retornados e á poboación inmigrante</b>				
	Acción de información, orientación e asesoramento para emigrantes galegos con vontade de retornar, así como axudas económicas que faciliten o retorno.	Emigrantes retornados beneficiados	Nº	824,00
	Accións de axudas dirixidas aos galegos residentes no exterior en situación de precariedade para garantir a cobertura sanitaria no sistema de atención sanitaria dependente de entidades galegas ou españolas cun número significativo de beneficiarios galegos	Beneficiarios	Nº	12.700,00
	Mellora da acción para acollida e integración de inmigrantes	Entidades beneficiadas	Nº	194,00
<b>Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais</b>				
	Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	Sen indicador		
<b>312G APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL</b>				
<b>Impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres</b>				
	Apoio á medidas de conciliación e corresponsabilidade.	Empresas participantes medidas loita con	Nº	12,00
<b>313B ACCIÓN PARA A IGUALDADE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER</b>				
<b>Modificar ás estruturas culturais co obxecto de remover as barreiras sociais e laborais ás mulleres</b>				
	Accións para o apoio de medidas de promoción das mulleres	Accións para inserción das mulleres	Nº	62,00
	Accións para o desenvolvemento da rede de centros de información ás mulleres.	Centros e persoas que traballan nos CIMS	Nº	231,00
	Accións para o fomento de emprendementos innovadores liderados por mulleres	Centros información ás mulleres cofinanc	Nº	77,00
<b>313D PROTECCIÓN E APOIO DAS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO</b>				
<b>Modificar ás estruturas culturais co obxecto de remover as barreiras sociais e laborais ás mulleres</b>				
	Accións de apoio a vítimas de violencia de xénero.	Mulleres e fillos atendidos progr. prote	Nº	3.369,00
	Accións de desenvolvemento Lei integral violencia de xénero	Accións sensibilidade, informac e formac	Nº	1.040,00
<b>432C FOMENTO DO AUDIOVISUAL</b>				
<b>Consolidar un sector galego do audiovisual</b>				

**OBXECTIVOS DE PROGRAMA**

Axudas ás empresas do sector audiovisual.	Acordos e convenios asinados	Nº	15,00
Difusión de actividades audiovisuais do CGAI	Campañas de comunicación e difusión	%	320,00
Promoción do Sector Audiovisual e Multimedia	Empresas beneficiadas	Nº	12,00
<b>441A PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA</b>			
<b>Fomento do deporte, para gañar en calidade de vida, saúde e desenvolvemento</b>			
Actuacións de desenvolvemento do Plan Galego para o Fomento de Actividade Física "Galicia Saudable"	Equipamentos deportivos saudables	Nº	80,00
<b>SopORTE xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe</b>			
SopORTE xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	Sen indicador		
<b>461A COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL</b>			
<b>Dinamización e consolidación do sector da comunicación</b>			
Fomento e apoio aos medios de comunicación	Accións de fomento realizadas	Nº	65,00
Mellorar e ampliar a rede de infraestruturas de radiodifusión e dos telecentros de comunicación e potenciar os seus instrumentos de xestión	Centros de comunicación	Nº	5,00
Promoción da lingua galega no ámbito dos medios de comunicación	Axudas concedidas ás empresas	Nº	25,00
<b>SopORTE xeral - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos</b>			
SopORTE xeral - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	Sen indicador		
<b>461B RADIODIFUSIÓN E TVG</b>			
<b>Dinamización e consolidación do sector da comunicación</b>			
Mellorar e ampliar a rede de infraestruturas de radiodifusión e dos telecentros de comunicación e potenciar os seus instrumentos de xestión	Centros de comunicación	Nº	150,00
<b>571A FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO</b>			
<b>Implantación de redes de banda longa e infraestruturas e servizos básicos de telecomunicacións que permitan a conectividade da Administración, os fogares e as empresas de Galicia</b>			
Desenvolvemento das redes de banda larga e accesibilidade ás TIC en todo o territorio de Galicia	Aumento poboación con acceso banda larga	%	30,00

## V. CADROS NUMÉRICOS

### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	10	11	20	30	31
111A-Presidencia da Xunta	3.926	93			
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da C.A.			2.388		
432C-Fomento do audiovisual				1.469	
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social				5.819	109
461B-Radiodifusión e TVG				107.882	
<b>Total</b>	<b>3.926</b>	<b>93</b>	<b>2.388</b>	<b>115.170</b>	<b>109</b>

(Miles de Euros)

### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos				
	40	50	60	70	Total
111A-Presidencia da Xunta					4.019
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da C.A.					2.388
122A-Avaliación e calidade da Administración pública				3.375	3.375
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	2.388				2.388
312C-Servizos sociais relativos ás migracións		12.706			12.706
312G-Apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social	1.003				1.003
313B-Accións para a igualdade protección e promoción da muller	6.731				6.731
313D-Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero	2.881				2.881
432C-Fomento do audiovisual					1.469
441A-Promoción da actividade deportiva			22.755		22.755
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social					5.928
461B-Radiodifusión e TVG					107.882
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento				52.205	52.205
<b>Total</b>	<b>13.004</b>	<b>12.706</b>	<b>22.755</b>	<b>55.580</b>	<b>225.731</b>

(Miles de Euros)

**Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos**

Programas	Capítulos						
	I	II	IV	VI	VII	VIII	Total
111A-Presidencia da Xunta	2.488	1.453	16	62			4.019
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da C.A.	2.179	203		7			2.388
122A-Avaliación e calidade da Administración pública	3.375						3.375
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	2.388						2.388
312C-Servizos sociais relativos ás migracións	2.190	2.334	6.324	473	1.385		12.706
312G-Apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social			1.003				1.003
313B-Accións para a igualdade protección e promoción da muller		935	5.796				6.731
313D-Protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero		166	2.488	127	100		2.881
432C-Fomento do audiovisual			306	1.163			1.469
441A-Promoción da actividade deportiva	3.456	3.079	13.525	2.323	372		22.755
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social	2.146	1.279	146	2.356			5.928
461B-Radiodifusión e TVG			321	5.063	1.351	101.148	107.882
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento		157	1.178	34.371	16.499		52.205
<b>Total</b>	<b>18.221</b>	<b>9.607</b>	<b>31.103</b>	<b>45.944</b>	<b>19.707</b>	<b>101.148</b>	<b>225.731</b>

(Miles de Euros)

**DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA**

Nos cadros numéricos desta sección, axústase o orzamento 2010 debido á extinción do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller cuxas competencias son asumidas pola S.X. de Igualdade

10 SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.580	2.395	-7,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.636	1.453	-11,2
Cap. IV - Transferencias correntes	49	16	-67,3
Cap. V - Fondo de continxencia	55	0	-100,0
Cap. VI - Investimentos reais	104	62	-40,1
<b>Total</b>	<b>4.423</b>	<b>3.926</b>	<b>-11,2</b>

(Miles de Euros)

11 D.X. DO GABINETE DA PRESIDENCIA	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	105	93	-11,8
<b>Total</b>	<b>105</b>	<b>93</b>	<b>-11,8</b>

(Miles de Euros)

20 ASESORIA XURÍDICA XERAL	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.458	2.179	-11,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	187	203	8,7
Cap. VI - Investimentos reais	58	7	-88,7
<b>Total</b>	<b>2.702</b>	<b>2.388</b>	<b>-11,6</b>

(Miles de Euros)

**DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA**

<b>30 S.X. DE MEDIOS</b>	<b>2010</b>	<b>2011</b>	<b>% Var.</b>
Cap. I - Gastos de persoal	2.192	2.037	-7,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.383	1.279	-7,5
Cap. IV - Transferencias correntes	729	773	6,1
Cap. VI - Investimentos reais	10.063	8.582	-14,7
Cap. VII - Transferencias de capital	11.402	1.351	-88,1
Cap. VIII - Activos financeiros	105.468	101.148	-4,1
<b>Total</b>	<b>131.237</b>	<b>115.170</b>	<b>-12,2</b>

(Miles de Euros)

<b>31 DIRECCIÓN XERAL DE COMUNICACIÓN</b>	<b>2010</b>	<b>2011</b>	<b>% Var.</b>
Cap. I - Gastos de persoal	124	109	-12,1
<b>Total</b>	<b>124</b>	<b>109</b>	<b>-12,1</b>

(Miles de Euros)

<b>40 SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE</b>	<b>2010</b>	<b>2011</b>	<b>% Var.</b>
Cap. I - Gastos de persoal	2.768	2.388	-13,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.413	1.101	-22,0
Cap. IV - Transferencias correntes	10.313	9.287	-9,9
Cap. V - Fondo de continxencia	2	0	-100,0
Cap. VI - Investimentos reais	708	127	-82,0
Cap. VII - Transferencias de capital	225	100	-55,6
<b>Total</b>	<b>15.429</b>	<b>13.004</b>	<b>-15,7</b>

(Miles de Euros)

<b>50 SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN</b>	<b>2010</b>	<b>2011</b>	<b>% Var.</b>
Cap. I - Gastos de persoal	2.443	2.190	-10,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.555	2.334	-8,7
Cap. IV - Transferencias correntes	10.761	6.324	-41,2
Cap. VI - Investimentos reais	881	473	-46,3
Cap. VII - Transferencias de capital	2.071	1.385	-33,1
<b>Total</b>	<b>18.710</b>	<b>12.706</b>	<b>-32,1</b>

(Miles de Euros)

<b>60 SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE</b>	<b>2010</b>	<b>2011</b>	<b>% Var.</b>
Cap. I - Gastos de persoal	3.661	3.456	-5,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.765	3.079	11,4
Cap. IV - Transferencias correntes	11.209	13.525	20,7
Cap. VI - Investimentos reais	11.487	2.323	-79,8
Cap. VII - Transferencias de capital	5.742	372	-93,5
<b>Total</b>	<b>34.863</b>	<b>22.755</b>	<b>-34,7</b>

(Miles de Euros)

### DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

70 SECRETARÍA XERAL DE MODERN. E INNOV. TEC	2010	2011	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.813	3.375	20,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	184	157	-14,5
Cap. IV - Transferencias correntes	1.387	1.178	-15,1
Cap. VI - Investimentos reais	18.740	34.371	83,4
Cap. VII - Transferencias de capital	23.702	16.499	-30,4
<b>Total</b>	<b>46.825</b>	<b>55.580</b>	<b>18,7</b>

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2010	2011	% Var.
10 SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	4.423	3.926	-11,2
11 D.X. DO GABINETE DA PRESIDENCIA	105	93	-11,8
20 ASESORIA XURÍDICA XERAL	2.702	2.388	-11,6
30 S.X. DE MEDIOS	131.237	115.170	-12,2
31 DIRECCIÓN XERAL DE COMUNICACIÓN	124	109	-12,1
40 SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE	15.429	13.004	-15,7
50 SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN	18.710	12.706	-32,1
60 SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE	34.863	22.755	-34,7
70 SECRETARÍA XERAL DE MODERN. E INNOV. TEC	46.825	55.580	18,7
<b>Total</b>	<b>254.419</b>	<b>225.731</b>	<b>-11,3</b>

(Miles de Euros)

### Consellería, Organismos Autónomos e Axencia Pública

	Consellería		00.AA ou/e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2010	2011	2010	2011	2010	2011	2010	2011
Cap. I - Gastos de persoal	19.144	18.221	0	0	0	0	19.144	18.221
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	10.122	9.607	0	0	0	0	10.122	9.607
Cap. IV - Transferencias correntes	34.448	31.103	0	0	0	0	34.448	31.103
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>63.714</b>	<b>58.932</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>63.714</b>	<b>58.932</b>
Cap. V - Fondo de continxencia	57	0	0	0	0	0	57	0
Cap. VI - Investimentos reais	42.038	45.944	0	0	0	0	42.038	45.944
Cap. VII - Transferencias de capital	43.142	19.707	0	0	0	0	43.142	19.707
Cap. VIII - Activos financeiros	105.468	101.148	0	0	0	0	105.468	101.148
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>190.705</b>	<b>166.799</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>190.705</b>	<b>166.799</b>
<b>Total</b>	<b>254.419</b>	<b>225.731</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>254.419</b>	<b>225.731</b>

(Miles de Euros)

### Medios Persoais

Presidencia da Xunta	2011
<b>Altos Cargos</b>	<b>10</b>
<b>Persoal Funcionario</b>	<b>330</b>
<b>Subgrupo A1</b>	<b>128</b>
<b>Subgrupo A2</b>	<b>46</b>
<b>Subgrupo C1</b>	<b>60</b>
<b>Subgrupo C2</b>	<b>78</b>
<b>Agrupacións profesionais</b>	<b>18</b>
<b>Persoal Laboral</b>	<b>110</b>
<b>Grupo I</b>	<b>14</b>
<b>Grupo II</b>	<b>9</b>
<b>Grupo III</b>	<b>36</b>
<b>Grupo IV</b>	<b>6</b>
<b>Grupo V</b>	<b>41</b>
<b>Grupo VIII</b>	<b>4</b>
<b>TOTAL</b>	<b>450</b>

### Sociedades Públicas, Fundacións e Consorcios

	2011	
<b>Sociedades Mercantís</b>	<b>Capital</b>	<b>Explotación</b>
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	250	12.795
<b>Entes Públicos</b>	<b>Capital</b>	<b>Explotación</b>
COMPANÍA DE RTVG E SOCIEDADES	46.256	79.489
<b>Fundacións</b>	<b>Capital</b>	<b>Explotación</b>
Fund. Deporte Galego	142	4.416
<b>Consorcios</b>	<b>Gastos</b>	<b>Ingresos</b>
Cons. Audiovisual de Galicia	833	833

(Miles de Euros)

